



Xeración de Crédito 010-X/20 (37/20)
Expte CIVIDAS nº 2020022337
Exptes relacionados: 2020022400 e 2020005816

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 11/08/2020 (ref: JFC/140/2020) refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda o 11/08/2020, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada de Educación, mediante Providencia asinada pola Concelleira delegada en data 31/07/2020, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal (ref.: 10X-20) do 17/08/2020, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 010-X/2020, utilizando a figura das xeracións de crédito, contabilizando esta dentro do proxecto específico de gasto con código 20-2-20-03 “Dotación novidades editoriais en galego”, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
200.3321.22612	Programa de xestión de bibliotecas Educación	8.242,16 €
TOTAL.....		8.242,16 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45088	Subvención Xunta Promoción uso da lingua galega	8.242,16 €
TOTAL.....		8.242,16 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería delegada de Educación, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

